



Jamas: “Os piratas eliminan barreiras”

[1 de Xuño de 2021 Rios](#)

<https://revistapincha.gal/jamas-os-piratas-eliminan-barreiras/>

Julio Negueruela alias “Jamás” (Madrid, 1983) era ata agora coñecido por ser integrante do grupo de rap galego Dios Ke te Crew. Sen embargo, neste 2021 preséntanos o seu ‘Diario dun Pirata Confinado’, escrito durante o *Gran Confinamento* de 2020. Falamos con el para que nos conte se todas as situacións e personaxes canallas e surrealistas que aparecen no libro son reais ou froito dunha imaxinación inflamada pola situación extrema que vivimos.

Que contas en ‘Diario dun Pirata Confinado’? Como naceu a idea?

Contei as vivencias que tiven durante o confinamento, aínda que tamén servíume de pretexto para soltar o que tiña dentro. Non o tiña previsto, xurdiu de maneira espontánea a golpe do 14 de marzo de 2020. A miña parella e máis eu fumos facer unha compra post-apocalíptica (moita cervexa e pouca comida) e no Renault 21 escribín a primeira peza no móbil: “Amanceu asollado, respírase un aire a campamento de verán”. Ese día pola tarde propúxeme escribir un capítulo ao día ata que rematara o confinamento. E así foi.

O libro está escrito en tempo real?

Si, polas mañás, sentado na bicicleta estática, fumaba e bebía tintos (risos), e maduraba a idea. Logo pola tarde nas sestas de Arela (a súa filla) dáballe forma, e á noite matizaba e pechaba.

No libro hai personaxes como o policía Harry ou un óptico cun furancho clandestino. Son reais?

Eses personaxes en concreto non. Mestúrase realidade e fantasía. Hai cousas que semellan fantasía, pero son reais e viceversa. Harry non é un personaxe real, vén inspirado por vivencias que tiven de neno coa garda civil. O doutor Cazalla xa quixera que existira (risos). O repartidor non existe, aínda que realmente chegoume unha bandeira pirata á casa.

Falas de furanchos clandestinos, cans que pasean a donos... Cres que necesitamos a clandestinidade para sobrevivir nunha situación extrema coma esta?

Si. A situación xa era un pouco clandestina. Era a primeira vez que sucedía estar pechados. Saír a pasear en franxas horarias delimitadas; aquí neste país a picaresca é parte da idiosincrasia da sociedade. Ten un atractivo.

Cres que a pandemia restrinxiu liberdades en nome da saúde?

Si, por imperativo legal porque non quedaban moitas alternativas. Ao estar pechado nun piso reflexionas sobre o que non tes, que é poder socializar, saír á rúa, ver á familia, aos amigos, e non a través da pantalla.

Estabamos todos máis sensibles sobre as liberdades precisamente por non telas.

O libro en xeral mostra moito optimismo pola túa banda...

Son optimista por natureza. Nunca me gustou unha amargura, chorar, o negativismo. Se ben é certo que ter unha pequena é un plus, non che permite botarte abaixo, no meu caso polo menos. Había días algo duros cando ela sinalaba á chaqueta no armario, e como lle explicas que non pode saír...

O diario foi unha sorte de terapia?

Pode selo. Estiven moi entretido con algo na cabeza. Paseino xenial. Quedoume pena ao rematar, sentín un oco baleiro. Decía: “Merda, xa rematei”, sobre todo os primeiros días, porque tres meses escribindo é tempo.

A onde partirías se tiveras un barco pirata de verdade?

Sairía desde o porto de Corme a un rumbo indeterminado. Hoxe, unha praia; mañá, unha cala; contemplar as estrelas, rir, cantar... O patrón deste bar sería un dos tripulantes (*facemos a entrevista no bar Javichi da Rúa de San Pedro, cuxo dono é un dos históricos da zona e exerceu como xefe de máquinas*). A idea do barco é porque teño un tío que tivo un barco alugado no porto de Xixón cando eu tiña 13 ou 14 anos. Pescabamos bonito. Encantábame contemplar as estrelas desde o barco, vin perseidas coas luces apagadas e é das mellores experiencias que tiven.

Os piratas tamén me gustan no senso de eliminar barreiras que sometan a túa liberdade máis aló do mar, o vento e as estrelas.

Cales son as túas influencias literarias?

José Saramago ten unha voz de autor moi persoal que non a vin noutros autores. Tamén Haruki Murakami, Don Winslow de novela negra, galegos como Teresa Moure (fai o prólogo do libro), Suso de Toro, Manolo Rivas.

Que próximos proxectos tes?

Con Dios Ke te Crew estamos traballando nun EP algo máis longo dos EP's normais. Gravamos dous vídeos que sairán proximamente.

A nivel literario eu escribín desde neno, pero sempre para min, nunca tiven a ansia de publicar. Ata este momento, animado pola contorna, que lles enviaba os capítulos. Eu tiña poesía, sonetos de estrutura clásica. Seguramente editarei poesía e gustaríame facer algo de narrativa.